

## BASES XII TORNEO SAN ROQUE 2018

**Organiza** : Club Xadrez Betanzos.

**Torneo** : Valedero para Elo FIDE rápidas, só xogadores/as federados.

**Data** : Domingo 12 de agosto.

**Lugar** : Edificio do Matadoiro, no barrio de A Ribeira. Betanzos.

**Nº de participantes** : Prazas limitadas atendendo á orde de inscrición.

**Inscricións** : Faranse no email: [javiermazaira@hotmail.com](mailto:javiermazaira@hotmail.com) ou no Tlfno. 627427894, ata as 22.00h. do venres día 10.  
O custo da inscrición será de 5€. Están exentos os GMs,MI, FM, socios e nenos/as do C. Xadrez Betanzos.

**Presentación** : A hora límite dos xogadores para presentarse no local de xogo e pagar a súa inscrición será as 16.00h. do día 12.

**Horario de xogo** : Comezo da primeira rolda as 16.15h.

**Sistema de xogo** : Suizo a 8 roldas. O ritmo de xogo será de 10 minutos por xogador mais incremento de 3 segundos por xogada. O desempate será primeiro por resultado particular entre xogadores empatados si se xogaron tódalas partidas posibles entre os empatados, e segundo por media de Elo dos opoñentes.

**Premios**: 100€ + trofeo, 85€, 75€, 65€, 55€, 45€, 35€, 25€, 20€, para os nove primeiros clasificados e 20€ para o mellor clasificado do club Xadrez Betanzos; así como trofeos o mellor S12, e mellor S12 do club. A entrega de premios se repartirán ó remate do torneo, non se admitirán reclamacións despois do día do torneo.

**Aceptación:** Os xogadores inscritos autorizan á organización do torneo a difusión ou emprego de imaxes ou do nome dos xogadores nos medios de comunicación ou en publicidades e memorias de competición, sempre que non representen menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria ós seus intereses e sempre dentro do marco legal que se fixa no Código Civil, na Lei de Enxuízamento Civil e na Lei Orgánica 15/99, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Non está permitido a consumición de bebidas alcohólicas no recinto de xogo, nin fumar.

**Patrocina:** LUGAMI artes gráficas.

**Colaboran:** Concello de Betanzos.  
Supermercado FROIZ.